



Obradoiro

"Bases conceptuais e operativas do perfilado e da análise da conduta criminal"

A expresión preferente que se vai tomar neste obradoiro será a de "perfil criminolóxico", aínda que o termo mais estendido é o de "perfil do delincuente" ou "*profiling*". A preferencia pola expresión de *criminolóxico* vén da idea de que un bo perfil esixe o coñecemento aplicado e integrado das ciencias do crime, entre as que a Psicoloxía adquire un indubidable protagonismo. Por outra parte, moitas das actividades do perfilador van máis alá de suxerir a descrición da personalidade do sospeitoso dun crime ou unha serie de crimes, senón que tamén debemos ser capaces de valorar a probabilidade de que volva actuar ou a súa perigosidade; suxerir novas vías de traballo aos investigadores e investigadoras policiais, por exemplo, vinculando crimes diversos cometidos supostamente por un mesmo autor ou autora ou, incluso, estimar onde pode ter a súa residencia e/ou base de operacións para cometer os seus delitos.

RELATOR

César San Juan Guillén

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

M^a Filomena Garrido Blanco (G-3934) e M^a de los Milagros Martínez García (G-1536).

DURACIÓN

10 horas.

DATA E HORARIO

Venres 4, 11 e 18 de decembro de 2020, de 16:00 horas a 18:00 horas.

MODALIDADE

Online. Plataforma Moodle e ZOOM.

PRAZAS

50.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica, psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía, de Doutoramento e do Máster en Psicoloxía Gratuíta.

Psicólogos/as colexiados/as 10€

Psicólogos/as non colexiados/as 20€



Obradoiro

"Bases conceptuais e operativas do perfilado e da análise da conduta criminal"

METODOLOXÍA

Clase expositiva, exemplificación e aplicación a casos prácticos. Facilitarase ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos.

Os exercicios prácticos consistirán na presentación de casos reais, algúns resoltos e outros sen resolver, nos que o alumnado poderá aplicar cada unha das análises e conceptos explicados nas sesións teóricas.

OBXECTIVOS

- Comprender as motivacións das persoas que delinquen.
- Entender a técnica da perfilación psicolóxica.
- Estudar os elementos principais da perfilación psicolóxica.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A actividade formativa terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade formativa entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 24 de novembro de 2020.



Obradoiro

"Bases conceptuais e operativas do perfilado e da análise da conduta criminal"

PROGRAMA

Venres, 4 de decembro de 2020.

1. Por que as persoas delinquen?
2. Psicopatoloxía e criminalidade. O caso das psicopatías.
3. Exercicio práctico.

Venres, 11 de decembro de 2020.

1. O perfil criminolóxico: escolas. O método VERA. A psicoloxía aplicada ao perfilado.
2. Elementos relevantes da escena do crime e análise vitimolóxica.
3. Exercicio práctico.

Venres, 18 de decembro de 2020.

1. O *modus operandi* e o *modus apparendi*.
2. A análise xeográfica dos delitos seriais.
3. Exercicio práctico.

RELATOR

CÉSAR SAN JUAN GUILLÉN

Profesor de Psicoloxía Criminal e de Psicoloxía Xurídica na Universidad del País Vasco.

Director do Centro Internacional de Investigación sobre la Delincuencia, la Marginalidad y las Relaciones Sociales.

Membro do Instituto Vasco de Criminología y responsable de súa unidade de psicoloxía xurídica e forense. Investigador principal do Grupo de Investigación en Criminología Aplicada y Psicología Ambiental.

É autor, xunto coa Dra. Laura Vozmediano, dos manuais de referencia *Criminología Ambiental: Ecología del delito y de la seguridad* (Editorial UOC) e *Psicología Criminal* (Editorial Síntesis).